

FRANCISCO LEIRO VÁZQUEZ, coñecido como Paco Leiro

Naceu en maio de 1893 no Grove e morreu en Cambados o 29 de decembro de 1982, con 89 anos. Viveu en Cambados (en Fefiñáns), na Casa do Canónigo, na rúa das Rodas e na rúa Fomento, despois de casar con Manuela Laya, en 1924, coa que tivo cinco fillos.

Fixo a mili como cabo-xefe de patrulla vixiando a liña férrea de Quiroga, despois da Primeira Guerra Mundial.

Nos tempos da República formou parte do Partido Socialista. Máis adiante participou activamente na fundación da Sociedade Cultural.

Foi aprendiz de carpinteiro con Segundo Pérez e traballou con el en varias obras. Tamén foi mestre de obras durante algún tempo. Desta época consérvanse varias casas de estilo modernista en Cambados (a de Pomares, a de Telégrafos, na rúa do príncipe), O Grove e Vilaxoán.

En 1927 montou un obradoiro de carpintería na Praza de Fefiñáns e en 1929 na rúa Real, onde tivo unha tenda de fabricación e venda de mobles e un obradoiro no que traballou ata a súa xubilación e na que continuou o seu fillo Manuel. Un dos seus netos é o escultor Francisco Leiro.

Ademais do seu traballo de ebanista facía tallas, sobre todo de tema relixioso –crucifixos e imaxes– que se atopan repartidos por moitas casas de Cambados e os arredores. En Cambados ten o altar de San Mamede, en Corvillón (1941), o altar de Fátima, na igrexa parroquial de Cambados (1945) e un grupo escultórico na Igrexa de Fefiñáns (1946).



Foto cos seus fillos arredor de 1935.



Traballando no San Xoán, 1946


Algúns exemplos da súa obra pública:



Monumento funerario a Dolores Vila (a súa primeira moza, da que tivo o primeiro fillo), no cemeterio do Grove (1920)



Confesionario na igrexa de San Bieito, de Fefiñáns (1948)



San Xoán e Cristo do Consolo, na Igrexa de Fefiñáns (1946)